

## Poesía e dimensión

**Xosé Manuel Eyré**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

EYRÉ, XOSÉ MANUEL (2011 [2009]). “Poesía e dimensión”. *A Nosa Terra*: 1381 (12 de novembro), 28. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/510>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

EYRÉ, XOSÉ MANUEL (2009). “Poesía e dimensión”. *A Nosa Terra*: 1381 (12 de novembro), 28.

\* Edición dispoñíbel desde o 17 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## Poesía e dimensión

*Matade o mar*

**Autor:** Xesús Franco.

**Edita:** Espiral Maior.

*Matade o mar* é o título co que Xesús Franco retorna ao panorama da actualidade poética, case tres lustros despois de *Contra mar*. Evidentemente garda relación con aquel de 1995, despréndese da mesma substancia que asolaga a vida tinxindo de salitre o día e a memoria. Un mar ben afastado da estampa bucólica vista desde terra. Os títulos de ambos libros anuncian xa a postura desengañada do autor.



*Matade o mar*, este novo poemario de Xesús Franco, transmite a impresión dun fondo reposo no interior da voz poética. O poeta sente a necesidade de dispoñer dunha nova superficie na cal habitar. Non son poemas fáciles nin felices, mancaron ao saír.

En por iso, o poemario non ten, non garda, estrutura motriz que parta dun desencadente. Tal que nunha praia, os poemas chegan e pousan. A impresión de continuidade é forte, malia dispoñerense en dous asimétricos apartados (arca e couso). O remate antólase accidental; nin o poeta ficou de todo liberado, nin era todo o que quería dicir. A primeira parte quere asemellarse a unha cantiga de amigo, disecionada, fragmentada. Versos mínimos, moitas veces versos palabra; sempre versos espidos para que o lector acceda máis doadamente á súa interioridade. Ver-

“O lector é inducido á manipulación das unidades verbais, versais e poemáticas”

cos que nacen dunha concepción poética na cal a voz substitúe os recursos estilísticos. O lector é inducido á manipulación das unidades verbais, versais e poemáticas. Algo imprescindible, sen o cal a lectura deste tipo de poesía fica en tentativa frustrante e incomprendida. O poema queda destilado de emocións. O poema é a voz poética, entalada entre a memoria do mar e a memoria da terra. Unha memoria que ten orixe na contemplación, mais renuncia a esa dimensión empobrecedora e faino mediante a demanda do lector activo. É o xeito de reivindicar a vida. Poucas maneiras mellores de facelo que a de espir o poema, baleiral de calquera estorbo. ●

**X.M. Eyré**



**Xesús Franco.**

Arquivo A.N.T.

## LIBROSDEFONDO.

### Unha versión do mito de Don Xoán

*As naos afondando*

**Autora:** Laura Caveiro.

**Edita:** Liceo Rubia Barcia, Ferrol. 2000, (110 pp.).

Hai autores que, cos seus moi prolongados silencios editoriais, fan que acabemos por lles perder a pista. Son escritores que, tras un éxito inicial, rematan por diluírse na néboa dos desapare-

